

Texto: **CARLOS PÉREZ**  
Ilustracións: **MIGUEL CALATAYUD**


Encadernado en cartón. 22x30 cm.  
32 páxinas a todo color. Libros para Soñar  
ISBN 978-84-92608-27-0

Prezo: 15 €

## KEMBO

### INCIDENTE EN LA PISTA DEL CIRCO MEDRANO

**A comezos dos anos trinta do século XX, Kembo, un león mozo e solitario, paseaba Ao seu antollo polas selvas de Baba Kamo, un lugar remoto do Leste de África. Como era e é, mesmo agora, normal entre os leóns, Kembo non entendía nen de fronteiras nen de pasaportes. Por eso compraciase en aterrorizar a tribo dos Babalunga e, ao día seguinte, a dos Kamolongos...**



“Kembo” é a historia dun peculiar león africano: traveso e impertinente, xoguetón e pacífico, pero sobre todo, vexetariano. As súas inofensivas trastadas chegan ao seu fin cando un explorador lle dá caza e o vende ao Circo Medrano de París. Salvo polos coidados da trapecista Nadine Chouette, Kembo sufrirá as iras, golpes, insultos e lategazos do domador Jean Malin. Pero tales agravios non quedarán impunes.

Cunha coidada linguaxe descritiva e gran sentido do humor, Carlos Pérez relata as peripecias deste adorable e incomprendido felino. As ilustracións de Miguel Calatayud son dunha calidade asombrosa: figuras expresivas, paisaxes exóticas de gran formato e esceas circenses cheas de movemento, co seu estilo persoal, caracterizado polo simbolismo, a xeometría das composicións e a sutileza das súas acuarelas. Un álbum espectacular que lle rende homenaxe ao mundo circense e ao cine.

**CARLOS PÉREZ** (Valencia, 1947)

Licenciado en Filosofía, foi conservador e comisario de exposicións no Instituto Valenciano de Arte Moderna, o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e, actualmente, no Museo Valenciano da Ilustración e da Modernidade. Participou na realización de guións para documentais, colaborou nas revistas Papers e Kalias. É asesor editorial da

- **Temática:** as aventuras dun león especial, dende a súa vida na selva ata a súa captura e traslado a un circo
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** ilustrado polo Premio Nacional de Ilustración, Miguel Calatayud; tributo ao circo e o cine
- **Aplicacións:** as apariencias, diferenza entre ben e mal; mundo salvaxe vs. civilizado; dereitos dos animais; xeografía e historia do mundo; ficción narrativa

revista LARS e pertence ao consello de redacción da revista Pasajes, da Universidade de Valencia. Escribiu diversos artigos para catálogos e publicacións. É membro do comité asesor da Fundación Cañada Blanch e do consello internacional da Fundación Vicente Huidobro.

**MIGUEL CALATAYUD** (Aspe, Alicante, 1942)

Debuxante e ilustrador de cómic e libros infantís. Obtivo os premios máis prestixiosos do sector, como o Lazarillo de Ilustración (1974) e o Nacional de Ilustración (en 1989, 1992 e 2009). No ano 2000 foi candidato por España ao premio Hans Christian Andersen. Durante os 80 foi un dos máis destacados representantes da chamada ‘línea clara valenciana’. Dirixiu varios proxectos editoriais e exerceu como comisario das exposicións ‘Animales en su tinta’ e ‘Originales para cinco rondallas’ do Salón do Libro Infantil Ilustrado ‘Ciudad de Alicante’. É autor do libro “Al pie de la letra”, na colección ‘Alfabetos’ de KALANDRAKA.

